



O Xurado Provincial de Clasificación de Montes veciñais de Pontevedra, dictou a seguinte **RESOLUCIÓN**:

ASISTENTES

PRESIDENTE

D. Gonzalo Constenla Bergueiro
(Delegado Provincial da Consellería do Medio Rural)

VOCAIS

D. Xabier Munaiz Alonso
(Avogado polo Colexio da provincia)

**VOCAIS REPRESENTANTES DA
CMVMC DE CHANDEBRITO,
CONCELLO DE NIGRAN**

D. Luciano Iglesias Costas
D. Carlos Gómez Costas
D. Secundino Rodríguez Figueroa

SECRETARIO

D. José M^a Muiños Mayoral

Na cidade de Pontevedra, sendo as dezasete horas do día vintedous de febreiro do 2006, coa asistencia das persoas ó marxe reseñadas, reúnese na 4^a planta do edificio sito no nº 47 da rúa Benito Corbal o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común ó obxecto de decidir sobre a clasificación do monte "As Rozadas" solicitado pola CMVMC de Chandebrito, do concello de Nigrán

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- Con data de entrada 24/08/04, D. Secundino Rodríguez Figueroa, na súa condición de presidente da CMVMC de Chandebrito, do concello de Nigrán, e en representación da mesma, presenta solicitude de iniciación de expediente de clasificación do monte denominado "As Rozadas" como veciñal en man común para os veciños da parroquia de Chandebrito, acompañando informe técnico e pericial, describindo o monte, identificación, superficie, ocupacións e lindeiros.

SEGUNDO.- Na reunión celebrada polo Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común o día 28 de outubro do 2004, acordou incoar o expediente co carácter indicado, e nomear instructor do mesmo a D. Alfonso Castro Carrera

TERCEIRO.- Tal como consta no expediente, aportouse por parte da Xefatura do Distrito Ambiental XVIII: Vigo- Baixo Miño, informe referente á clasificación do monte As Rozadas.



CUARTO.- Asímesmo, o instructor acompañado polo axente forestal D. Luis E. Martín Uriarte xirou visita ó monte os efectos pertinentes.

QUINTO.- Visto o informe previo e preceptivo do Servizo de Montes e Industrias Forestais e demais proba documental, o monte obxecto do presente expediente da clasificación, obedece á seguinte descrición:

CONCELLO: NIGRAN

PARROQUIA: CHANDEBRITO

NOME DO MONTE: As Rozadas

Cabida: 14,20 Haş. aprox.

Lindes:

Norte: Regato e fincas particulares de Leoncio Albores Fernández, Eugenia Misa Albores, María Albores Fernández, Cándido Costas Casas, Santiago Pérez Ríal, Rosa Alonso Fernández, Hermosinda Costas Rial, Manuel González Domínguez, Feliciano Alonso Pérez e outros

Sur: Concello de Gondomar e monte da CMVMC de Camos

Leste: Concello de Gondomar e fincas particulares de Benito Mandín Fernández, Manuel Villamaría Fernández, Manuel González Domínguez, Angel Costas Rodríguez, Daniel Royo- Villamarín, A. Cruces Caside, Benjamin Costas Rial, Manuel Prado Rodríguez, Francisco Rodríguez Rodríguez, Angel Alonso Rial, Anselmo Rodríguez Costas, Preciosa Rodríguez Valverde e outros

Oeste: Monte da CMVMC de Camos e fincas particulares de Benito Mandín Fernández

Servidumes: Pistas forestais, sendas e depósito de traída de auga

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro: O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común ten a competencia para coñecer os expedientes de clasificación dos montes que teñan tal carácter a tenor do establecido no artigo 9 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.

Segundo.- De conformidade có artigo 1 da Lei 13/1989 do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, e no artigo 1 do Decreto 240/1992 do 4 de setembro comprende entender por montes veciñais en man común “... os terreos radicados na Comunidade Autónoma de Galicia que con independencia da súa orixe, as súas posibilidades productivas, o seu aproveitamento actual e a súa vocación agraria pertencen a agrupacións veciñais na súa calidade de grupos sociais e non como entidades administrativas, e os veñan aproveitando consuetudinariamente en réxime de comunidade, sen asignación de cuotas, os membros daquelas na súa condición de veciños”.



Así, segundo abundosa xurisprudencia, o feito que xustifica a clasificación ou non como veciñal dun determinado monte, en vía administrativa, é a circunstancia de terse ou non demostrado o aproveitamento consuetudinario en man común, prescindindo das cuestións relativas á propiedade e demais dereitos reais (sentenza do Tribunal Supremo, sala do contencioso-administrativo, de data 07/02/01, con cita doutras sentenzas anteriores da mesma Sala de 20/0384, 03/11/87, 18/06/91, 14/12/95, 11/04/97, 24/04/00 ...).


Terceiro.- O uso en man común do monte "As Rozadas" tense suficientemente acreditado pola documentación aportada polos solicitantes e polo informe do Distrito Forestal XVIII: Vigo-Baixo Miño no que se sinala que existen como usos e aproveitamentos observados "... repoboación e tratamentos selvícolas..".

En consecuencia, vista a Lei galega 13/1989, do 10 de outubro, de Montes Veciñais en Man Común e o seu Regulamento, aprobado por Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e demais preceptos legais e regulamentarios de xenérica e específica aplicación, propónse polo Instructor e de maneira unánime o Xurado **ACORDA:**

CLASIFICAR como veciñal en man común o monte "As Rozadas", a favor dos veciños da CMVMC de Chandebrito, do concello de Nigrán, de acordo coa descrición reflectida no antecedente de feito quinto e a planimetría elaborada ó efecto polo servizo de Montes e Industrias Forestais que forma parte inseparable da presente resolución.

Contra a presente Resolución que pon fin á vía, administrativa, poderase interpoñer recurso de reposición con carácter potestativo perante o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra no prazo dun mes, ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da presente notificación, de acordo co disposto no artigo 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.





C.M.V.M.C. DE CHANDEBRITO
MONTE "AS ROZADAS"
SUP. = 14,20 has.

DATA : FEBREIRO-2006

ESCALA : 1/10.000

AUTOR : TOPOGRAFIA

Nº DA FOLLA :

261-13

261-23

TRABALLO : PLANO DE CLASIFICACIÓN

CONCELLO : NIGRÁN PARROQUIA : CHANDEBRITO

COMUNIDADE : CHANDEBRITO MONTE : AS ROZADAS



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
SERVIZO DE MONTES-DELEGACIÓN DE PONTEVEDRA